

MASTER CLASS DE MÚSICA TRADICIONAL. PROFESORADO

DUNCAN CHISHOLM

(Inverness, Escocia, 1968)

É un dos violinistas máis aclamados da música celta internacional e fundador do grupo de rock e folk escocés Wolfstone. Comezou a tocar o violín con oito anos e para cando fundou Wolfstone xunto a Stuart Eaglesham no ano 1989, xa era a o máximo expoñente do violín tradicional escocés. Con Wolfstone gravou nove álbumes de estudo e percorreu os escenarios de medio mundo. Unha canción do grupo, "Heart and Soul", escrita por Chisholm e Ivan Drever formou parte da banda sonora da película gañadora de dous Oscars *O indomable Will Hunting*.

Iniciou a súa carreira en solitario no ano 1997 con *Redpoint*, un traballo discográfico co que acadou eloxios unánimes por parte da crítica. Posteriormente editaría no 2001 o seu segundo álbum, *The Door of Saints*, unha mestura de influencias españolas e gaélicas co que quixo reflectir o amor que sentía polo norte de España. Nestes momentos traballa xa no que será o seu terceiro álbum, que planea gravar en 2010.

Desde hai varios anos, fai tamén xiras por Europa e América co cantante, compositor e guitarrista escocés Ivan Drever. Xuntos gravaron varios discos e colleitaron éxitos nos mellores festivais folk do mundo, como o Tonder Festival (Dinamarca) ou o Celtic Connections (Escocia).

Na actualidade compaxina a súa carreira en solitario co seu liderado no grupo Wolfstone e as súas actuacións a dúo con Ivan Drever, ademais doutras colaboracións con artistas como Connie Dover ou Julie Fowlis.

CARLOS CASTRO

(A Coruña)

Percusionista vinculado á docencia desde o ano 87, actualmente é o xefe do departamento de percusión do Conservatorio Superior de Música de Vigo.

Forma parte do grupo folk Fía na Roca e colabora tamén con Xosé Manuel Budiño, os grupos Martín Códax, Resonet e Meendinho (Paulina Ceremuzynska) de música antiga, a orquestra OMEGA de improvisación, e o Techné Ensemble e Catroventos (do movemento FUC).

Entre as case 50 gravacións nas que participou están a maioría dos grupos actuais de música galega. Ten colaborado con numerosas agrupacións desde orquestras sinfónicas até bandas e grupos de rock, folk ou jazz, entre eles DOA, Fuxan Os Ventos, Filloa

Express, Baldo Martínez Grand Ensemble, a Orquestra de RTVE e Siniestro Total. Tamén participou como compositor e intérprete en música para publicidade, teatro, cine e TV. Deixou a súa pegada na banda sonora da película *O camiño das estrelas* de Chano Piñeiro así coma en diversas producións do Centro Dramático Galego.

Ten publicado xunto coa pianista Sol Bordas *O Centro Integrado de Música*, editado polo Relatorio de Música do Consello da Cultura Galega. Tamén o libríño de arranxos de música popular *Catro cancións para instrumentos de láminas* editado pola Fundación Mayeosis, e unha metodoloxía para principiantes na percusión *Esto é percusión!* da editorial Dos acordes.

CHEFA ALONSO

(A Coruña, 1955)

Saxofonista e percussionista de *free jazz* e improvisación libre, inicia a súa carreira musical no jazz co septeto El Combo de Sara, que na década dos 80 abre concertos de artistas coma Art Blakey and The Jazz Messengers, Don Pullen ou Phil Woods.

Desde entón, desenvolveu unha prestixiosa traxectoria na que tocou xunto a grandes improvisadores do panorama internacional como John Edwards, Tony Marsh, Vanessa Mackness, Terry Day, Lou Grassi, Barbara Wagner, Co Streiff, Ute Voelker, Günter Heinz ou John Russel. Chefa Alonso ten participado ademais en múltiples festivais dentro e fóra das nosas fronteiras: Freedom of the City (Londres), WIM, Festival Internacional de Improvisación de Zug (Suíza), Festival de Improvisación de Dresden (Alemaña), Musique et Quotidien Sonore (Albi, Francia), La Flibuste (Toulouse, Francia), Improvisa (Barcelona), Escucha (Madrid), etc.

É cofundadora do colectivo Musicalibre, co que organiza anualmente o Festival Internacional de Improvisación Hurta Cordel en Madrid. Ademais de manter os seus grupos de música estábeis: Akafree (cuarteto de free jazz no que interpreta as súas propias composicións) e Sin Red (cuarteto de improvisación libre), pertence ás orquestras de improvisadores LIO (London Improvisers Orchestra), FOCO (Orquestra de Improvisadores de Madrid) e OMEGA (Orquestra de Música Espontánea de Galicia).

Dende 1995 vén desenvolvendo una importante actividade docente. Cómpre destacar a súa etapa como profesora de saxofón na Escola Municipal de Música de Tres Cantos e como mestra de improvisación na Aula de Músicas de Madrid, ademais dos numerosos seminarios de improvisación libre impartidos. Actualmente vive en Madrid e é doutora en Composición e Improvisación pola Universidade de Brunel (Londres).